En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 57367**, formulada polo Grupo Común da Esquerda, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre **“as razóns da Xunta de Galicia para asinar un convenio con Microsoft para implantar a plataforma Office 365 nos centros educativos en lugar de fomentar o desenvolvemento da industria galega do software libre”**, (publicada no BOPG número 547, do 16 de outubro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), departamentos da Xunta de Galicia, asinaron o pasado 10 de xuño, un acordo con Microsoft España que posibilita que os centros educativos de Galicia teñan acceso de forma gratuíta á plataforma Office 365 de Microsoft, que inclúe a ferramenta de colaboración Microsoft Teams.

Esta plataforma educativa na nube proporciona unha contorna de aprendizaxe segura e innovadora e dota aos alumnos de habilidades dixitais, como a colaboración, creatividade e o pensamento computacional, claves para facer fronte aos requirimentos laborais propios da era dixital.

A Xunta e Microsoft tamén colaboran para completar a formación nos ciclos de Formación Profesional da familia de Informática e Comunicacóns; ademais, o profesorado destes ciclos de FP, recibirá formación especializada impartida por profesionais de Microsoft en colaboración con partners do ecosistema dixital galego.

Así foi explicado, tal e como pode comprobarse no seguinte enlace:





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 30/01/2020 17:40:48  
Nº Rexistro: 62738  
Data envío: 30/01/2020 17:40:48.725

<https://amtega.xunta.gal/nova/a-xunta-e-microsoft-colaboran-para-facilitar-de-xeito-gratuito-a-plataforma-office-365-a-todos>

Reiterar que o devandito convenio de colaboración permite aos centros educativos galegos facer uso, de xeito gratuito, da ferramenta online Office 365, e acceder a actuacións de formación no uso e aproveitamento desta ferramenta.

Polo tanto o uso desta ferramenta, como daquelas outras posta a disposición dos centros educativos pola Xunta de Galicia, será o que os centros decidan. O convenio só amplía o abano de solucións tecnolóxicas que os docentes dos centros educativos galegos teñen a súa disposición.

A Consellería de Educación e a Amtega apostan polo ensino dixital en Galicia.

Como é coñecido, o equipamento remitido pola Xunta de Galicia aos centros educativos conta con solucións de software libre, tanto no relativo ao sistema operativo, como aos paquetes ofimáticos e outras ferramentas informáticas incluídas en dito equipamento.

Nesa liña de actuación, debe facerse especial mención ás solucións tecnolóxicas que forman parte do Proxecto Abalar, todas elas de software libre, tanto nas plataformas e ferramentas dispoñibles na educación dixital, como nas plataformas, sistemas e ferramentas do equipamento de alumnado e profesorado.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 30/01/2020 17:40:48  
**Nº Rexistro: 62738**  
Data envío: 30/01/2020 17:40:48.725

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/01/2020 17:40:46**

CSV: BOPGDSPGfEjuBP1Eb7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 57519**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a posible estimación polo Goberno galego da necesidade de construír novas depuradoras na ría de Pontevedra”**, (publicada no BOPG número 552 do 23 de outubro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola directora de Augas de Galicia en resposta á pregunta oral en Comisión número 57518, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 12 de decembro de 2019.

A resposta completa da directora da Augas de Galicia pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2019-12-12?part=1ab16f5e-a3dd-4362-9fd3-443d1f1712ed&start=3294>

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2019-12-12?part=1ab16f5e-a3dd-4362-9fd3-443d1f1712ed&start=4049>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 31/01/2020 16:30:00  
**Nº Rexistro: 62880**  
Data envío: 31/01/2020 14:11:50.933

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2020 14:11:46

CSV: BOPGDSPGfEjuBP1Eb7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 30/01/2020 17:40:35  
Nº Rexistro: 62736

Data envío: 30/01/2020 17:40:35.037

Data 30/01/2020 17:40

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 57582**, formulada polo Grupo Común da Esquerda, a iniciativa de dona María de los Ángeles Cuña Bóveda e dona Luca Chao Pérez, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia das medidas que están a adoptar as administracións e, nomeadamente a Xunta de Galicia, en relación co acoso escolar”**, (publicada no BOPG número 552, do 23 de outubro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

“A Administración educativa galega respecta aqueles estudos feitos con metodoloxía, rigor e con representatividade da mostra. En canto, á posibilidade de colaborar ou participar neste informe, neste caso, non foi posible debido a problemas de axenda e ausencia de alternativas.

En calquera caso, unha das principais prioridades da Consellería de Educación é a de traballar para garantir unha boa convivencia escolar nos centros educativos. Lembramos que desde 2013 Galicia conta cun Protocolo para a prevención, detección e intervención en acoso e ciberacoso.

Asemade, curso tras curso, a Administración educativa galega está a desenvolver, divulgar e consolidar as medidas agrupadas na Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2015-2020- Educonvives, que significou para o ensino galego dispor de plans de convivencia en cada centro. O documento axuda aos membros da comunidade educativa, en especial ao alumnado, a desenvolver competencias sociais e cívicas.

Cabe sinalar que o traballo realizado e que segue en marcha abrangue diferentes medidas e programas educativos nos centros como son os contratos-programa; o impulso das Escolas de Nais e Pais (ENAPAS); ou a posta a disposición de protocolos, orientacións e unidades





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 30/01/2020 17:40:35  
Nº Rexistro: 62736  
Data envío: 30/01/2020 17:40:35.037

didácticas específicas que redundan en aspectos como a inclusión e a atención a determinados colectivos, entre outros.

Tanto familias, como profesorado, alumnado e o persoal non docente que traballa nos centros escolares de Galicia coinciden en sinalar que, en xeral, existe un bo clima de convivencia nas aulas e tamén en que se constatan melloras nos últimos anos. Así se desprende dos datos da macroenquisa sobre convivencia escolar realizada en 2019 e que foron presentados ao comezo do presente ano no Consello Galego da Convivencia.

Esta percepción é froito do traballo conxunto da Consellería e da comunidade educativa, e anima a seguir avanzando na convivencia e na prevención do acoso. Neste contexto de mellora continua e para atender un recente mandato parlamentario, o Goberno galego está a dar pasos para definir un Plan de choque contra o acoso escolar.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 30/01/2020 17:40:35  
**Nº Rexistro: 62736**  
Data envío: 30/01/2020 17:40:35.037

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/01/2020 17:40:31**

CSV: BOPGDSPGfEjuBP1Eb7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 59094**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da atención das demandas da veciñanza referidas ao mantemento do dobre sentido no vial de acceso ao lugar da Veiga no proxecto que está a executar a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade na parroquia de Corvillón, no concello de Cambados”**, (publicada no BOPG número 569 do 27 de novembro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“O proxecto Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020: mellora da seguridade viaria no entorno de TCA na estrada PO-549, puntos quilométricos 8+000 a 9+800, recolle unha serie de actuacións para reducir a accidentalidade neste treito de estrada, nos Concellos de Vilanova de Arousa e Cambados.

En concreto, o punto obxecto desta iniciativa sitúase no punto quilométrico 8+650, marxe esquerda, onde existe unha intersección en ‘X’. Nesta zona prodúcense accidentes por alcance debido á existencia dunha edificación pegada á calzada, na marxe esquerda anexa ao viario municipal da Veiga, que implica que o radio de xiro para realizar a dita manobra sexa moi reducido. Debido a isto practicamente é necesario deter por completo o vehículo, o que provoca accidentes por alcance.

A solución recollida no proxecto, consensuada co Concello de Cambados, consistía en anular a dita manobra, quedando o viario municipal só para acceso á calzada autonómica. Non obstante, dada a desconformidade da veciñanza acordouse deixar a regulación do tráfico do viario municipal tal e como está agora, é dicir, de dobre sentido. A mellora da intersección coa



execución dun carril central de espera centrado no viario/cambio de sentido situado na marxe dereita concede unha mellora da seguridade viaria que axudará tamén ao viario da Veiga situado na marxe esquerda.

En síntese, acórdase recoller e admitir a solicitude da veciñanza: o viario municipal queda de dobre sentido e tan só se permite o acceso no sentido da marcha, de maneira que para acceder á calzada autonómica sairán en sentido Vilanova de Arousa.

En reunión mantida o 4 de decembro de 2019 con representantes do Concello de Cambados xa se lles aclarou que se ía manter o acceso nas condicións actuais”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 31/01/2020 16:30:00  
**Nº Rexistro: 62882**  
Data envío: 31/01/2020 14:25:13.808

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2020 14:24:56

CSV: BOPGDSPGfEjuBP1Eb7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 31/01/2020 16:30:00  
Nº Rexistro: 62858

Data envío: 31/01/2020 14:07:38.855

Data 31/01/2020 14:07

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 60049**, formulada polo Grupo Común da Esquerda, a iniciativa de don Marcos Cal Ogando e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a data prevista polo Goberno galego para o inicio das obras de saneamento na parroquia de Ribadetea, no concello de Ponteareas”**, (publicada no BOPG número 581, do 23 de decembro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“O saneamento e a depuración son competencias municipais, así se establece na normativa básica en materia de réxime local: os servizos de abastecemento, sumidoiros e depuración de auga urbana son servizos públicos obrigatorios esenciais reservados a favor das entidades locais.

De conformidade coa normativa básica en materia de réxime local, Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, así como a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e coa normativa sectorial en materia de augas, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, os concellos teñen a competencia exclusiva en materia de abastecemento e saneamento dos seus sistemas municipais.

Desde a Administración hidráulica de Galicia préstase apoio aos concellos, nesa materia de competencia municipal, axudándoos técnica e financeiramente a desenvolver de xeito máis eficaz e eficiente esas competencias que teñen reservadas.

Neste sentido, Augas de Galicia está a colaborar co Concello de Ponteareas e para isto ten redactado xa o proxecto dunha primeira fase para o saneamento en Ribadetea. Non obstante, na última xuntanza mantida co Concello de Ponteareas, este solicitou a Augas de Galicia a adaptación do proxecto efectuado ao plan director de saneamento municipal recentemente







XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 31/01/2020 16:30:00  
Nº Rexistro: 62858  
Data envío: 31/01/2020 14:07:38.855

realizado polo Concello e actualmente estase traballando nesta adaptación, como un primeiro paso para a programación posterior das actuacións necesarias nesa parroquia de Ponteareas.

Cómpre sinalar que os futuros avances na realización destas actuacións relativas ao saneamento da parroquia de Ribadetea dependen dos requisitos que vén fixando e esixindo a Confederación Hidrográfica Miño-Sil, xa que condiciona o seu desenvolvemento á execución previa da ampliación e mellora da EDAR, que é unha obra declarada de interese xeral do Estado, polo que a súa execución é responsabilidade do Goberno central.

E a este respecto preocupa que na proposta de convenio sobre o financiamento dos traballos de ampliación e mellora da EDAR de Ponteareas que a sociedade pública ACUAES remitiu ao Concello e á Xunta de Galicia a comezos de decembro, o Goberno español non só reduza a porcentaxe de financiamento que tiña comprometido, pasando do 60% ao 40% senón que, ademais, polo que se desprende dese convenio, o Goberno español non prevé investimentos nas obras de ampliación e mellora da EDAR de Ponteareas ata o ano 2021.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 31/01/2020 16:30:00  
**Nº Rexistro: 62858**  
Data envío: 31/01/2020 14:07:38.855

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2020 14:07:31**

CSV: BOPGDSPGfEjuBP1Eb7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 52585**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e dona María Luisa Pierres López, sobre “ **o estado actual da planificación e concreción de actuacións na Área metropolitana de Vigo**”, (publicada no BOPG número 514 do 31 de xullo de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade** que ten o seguinte contido:

*A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 56369, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, cuxa resposta foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 591, do 16 de xaneiro de 2020.*

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 30/01/2020 17:44:03  
**Nº Rexistro: 62771**  
Data envío: 30/01/2020 17:44:03.272

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/01/2020 17:44:00**

CSV: BOPGDSPGfEjuBP1Eb7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 52586**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez, dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela sobre **“a acreditación de dispoñibilidade dos inmobles correspondentes aos expedientes identificados como 36/2018/BS212A e 37/2018/BS212A destinados a desenvolver a actividade para a posta en funcionamento de casas de maiores ao abeiro da Orde do 24 de agosto de 2018, no Concello das Nogais”**, (publicada no BOPG número 514 do 31 de xullo de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social** que ten o seguinte contido:

*Con data 31 de outubro de 2018 dítase resolución da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, pola que se publican os requirimentos de emenda de documentación das solicitudes presentadas ao abeiro da Orde do 24 de agosto, publicada no Diario Oficial de Galicia o 12 de novembro de 2018 (DOG Núm. 215).*

*No anexo da mencionada resolución requírese ás promotoras titulares dos expedientes 36/2018/BS212A e 37/2018/BS212A a documentación acreditativa da dispoñibilidade do inmovible.*

*Con data de rexistro 15/11/2018 achégase a documentación solicitada.*

*Polo tanto as persoas solicitantes que se corresponden cos expedientes identificados como 36/2018/BS212A e 37/2018/BS212A, teñen inmobles á súa disposición para a posta en funcionamento de casas do maior ao abeiro da Orde do 24 de agosto de 2018.*

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 30/01/2020 17:43:56  
**Nº Rexistro: 62770**  
Data envío: 30/01/2020 17:43:56.694

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/01/2020 17:43:54**

CSV: BOPGDSPGfEjuBP1Eb7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 52594**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“a reforma polo Goberno galego da Lei 10/2003, do 26 de decembro, sobre o dereito de acceso ao entorno das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia”**, (publicada no BOPG número 514 do 31 de xullo de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social** que ten o seguinte contido:

*Con data de 31 de decembro de 2003, publicouse no Diario Oficial de Galicia a Lei 10/2003, do 26 de decembro, sobre o acceso á contorna das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia.*

*Na súa disposición final primeira establécese que se faculta á Xunta de Galicia para ditar as normas necesarias para desenvolver a presente Lei e, en concreto, para establecer as condicións e requisitos necesarios para o recoñecemento, perda e suspensión da condición de can de asistencia e o deseño do distintivo oficial, así como para determinar os requisitos e condicións da especialización dos adestradores de cans de asistencia e os que deberán cumprir os centros de adestramento e os seus empregados e dependentes para obter a homologación.*

*Con data 25 de novembro de 2014 o Parlamento de Galicia aprobou a Lei de Accesibilidade de Galicia que ten como obxectivo principal sentar as bases para alcanzar unha accesibilidade universal á vez que actualiza e unifica a normativa que ata o de agora existía nesta materia desde o ano 1997.*

*Este texto foi acordado tanto na súa redacción inicial, como no seu trámite parlamentario, coas principais entidades sociais do ámbito da discapacidade, así como coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e os diferentes grupos parlamentarios, motivo polo que ata chegar á súa aprobación xa en fase parlamentaria, tívose que percorrer un longo camiño para a súa tramitación, todo iso para alcanzar o fin último de contar cunha normativa de accesibilidade que sexa universal e que se converta nun deseño para todos, dous dos conceptos fundamentais que introduce esta nova lei.*



*Dentro dos traballos programados para o desenvolvemento da lei, atópanse os relativos á accesibilidade no transporte público que se recollen no capítulo III e de accesibilidade dos sistemas de comunicación e sinalización estipulados no seu capítulo IV. Neste sentido, a partir de agora, as administracións públicas deberán promover a supresión de barreiras na comunicación mediante o establecemento de mecanismos e alternativas técnicas e humanas, como os intérpretes de lingua de signos para persoas xordas, con discapacidade auditiva e persoas xordo cegas. Para iso fomentárase a formación de profesionais intérpretes de lingua de signos e guías- intérpretes e a existencia nas administracións públicas deste persoal especializado.*

*E é precisamente dentro destes traballos, onde se está a traballar para o desenvolvemento normativo da Lei 10/2003, do 26 de decembro, sobre o acceso á contorna das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia.*

*Así pois, xa se comezaron dende esta Consellería a realizar os traballos preparativos de desenvolvemento normativo conxunto das citadas leis, mediante unha proposta de Decreto co que se pretende, en relación coa normativa dos cans de asistencia:*

- *Regular o procedemento e os requisitos para o recoñecemento da condición de can de asistencia.*
- *Regular o procedemento e os requisitos que deberán cumprir os centros de adestramento de cans de asistencia e o seu persoal.*
- *Determinar os requisitos e as condicións de especialización dos adestradores.*
- *Determinar os órganos competentes para a acreditación de can de asistencia e as autorizacións de centros, así como de cualificacións profesionais.*
- *Determinar os requisitos que deben ter os centros de adestramento para obter a autorización que os acredite como tal, as obrigacións dos mesmos, así como, o réxime do persoal dos devanditos centros.*
- *Regular, se é o caso, a documentación (carné) acreditativa e distintiva de can de asistencia.*

*Por outra banda, e respecto da participación da cidadanía na elaboración das disposicións administrativas de carácter xeral son de aplicación a Lei 4/2006, do 30 de xuño, de Transparencia e Boas Prácticas na Administración Pública Galega e a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do Sector Público Autonómico de Galicia, nas que esta está contemplada a través de suxestións e do correspondente trámite de audiencia.*





*En base ao anterior, na elaboración do citado Decreto que desenvolvera conxuntamente estas leis poderán participar, como non pode ser doutro xeito, as asociacións, organizacións, entidades, clubs, etc. implicados no campo da discapacidade, en todo caso, a través dos cauces legalmente previstos e unha vez que se publique a correspondente ligazón na páxina web da Consellería de Política Social.*

*A Consellería de Política Social da Xunta de Galicia está de acordo coa necesidade de promover dende as distintas Administracións Públicas todo tipo de campañas informativas e divulgativas que contribúan a sensibilización do conxunto da sociedade de cara a promover unha efectiva integración social e unha discriminación positiva a favor das persoas con discapacidade.*

*O Comité Consultivo para a Protección Animal, regulado na Lei 4/2017, do 3 de outubro, de Protección e Benestar dos Animais de Compañía en Galicia, está adscrito á consellaría competente en materia de protección animal, polo que é este o departamento autonómico competente para promover a súa convocatoria.*

*Aínda que a súa composición e o seu funcionamento serán determinados por vía regulamentaria, de acordo co establecido na citada Lei na súa composición deberase garantir a presenza de representantes das consellarías con competencias en materia de sanidade animal, saúde pública e accesibilidade, da Federación Galega de Municipios e Provincias, das asociacións de protección e defensa dos animais inscritas no rexistro regulado no artigo 29, do Consello Galego de Colexios Veterinarios e das entidades de carácter ambiental inscritas no rexistro previsto no Decreto 226/2007, do 22 de novembro, polo que se crea o Rexistro de Entidades de Carácter Ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia.*

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 30/01/2020 09:30:00  
**Nº Rexistro: 62654**  
Data envío: 29/01/2020 18:35:01.714

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/01/2020 18:34:58**

CSV: BOPGDSPGfEjuBP1Eb7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 52595**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“a reforma polo Goberno galego da Lei 10/2003, do 26 de decembro, sobre o dereito de acceso ao entorno das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia”**, (publicada no BOPG número 514 do 31 de xullo de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social** que ten o seguinte contido:

*Con data de 31 de decembro de 2003, publicouse no Diario Oficial de Galicia a Lei 10/2003, do 26 de decembro, sobre o acceso á contorna das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia.*

*Na súa disposición final primeira establécese que se faculta á Xunta de Galicia para ditar as normas necesarias para desenvolver a presente Lei e, en concreto, para establecer as condicións e requisitos necesarios para o recoñecemento, perda e suspensión da condición de can de asistencia e o deseño do distintivo oficial, así como para determinar os requisitos e condicións da especialización dos adestradores de cans de asistencia e os que deberán cumprir os centros de adestramento e os seus empregados e dependentes para obter a homologación.*

*Con data 25 de novembro de 2014 o Parlamento de Galicia aprobou a Lei de Accesibilidade de Galicia que ten como obxectivo principal sentar as bases para alcanzar unha accesibilidade universal á vez que actualiza e unifica a normativa que ata o de agora existía nesta materia desde o ano 1997.*

*Este texto foi acordado tanto na súa redacción inicial, como no seu trámite parlamentario, coas principais entidades sociais do ámbito da discapacidade, así como coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e os diferentes grupos parlamentarios, motivo polo que ata chegar á súa aprobación xa en fase parlamentaria, tívose que percorrer un longo camiño para a súa tramitación, todo iso para alcanzar o fin último de contar cunha normativa de accesibilidade que sexa universal e que se converta nun deseño para todos, dous dos conceptos fundamentais que introduce esta nova lei.*



*Dentro dos traballos programados para o desenvolvemento da lei, atópanse os relativos á accesibilidade no transporte público que se recollen no capítulo III e de accesibilidade dos sistemas de comunicación e sinalización estipulados no seu capítulo IV. Neste sentido, a partir de agora, as administracións públicas deberán promover a supresión de barreiras na comunicación mediante o establecemento de mecanismos e alternativas técnicas e humanas, como os intérpretes de lingua de signos para persoas xordas, con discapacidade auditiva e persoas xordo cegas. Para iso fomentárase a formación de profesionais intérpretes de lingua de signos e guías- intérpretes e a existencia nas administracións públicas deste persoal especializado.*

*E é precisamente dentro destes traballos, onde se está a traballar para o desenvolvemento normativo da Lei 10/2003, do 26 de decembro, sobre o acceso á contorna das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia.*

*Así pois, xa se comezaron dende esta Consellería a realizar os traballos preparativos de desenvolvemento normativo conxunto das citadas leis, mediante unha proposta de Decreto co que se pretende, en relación coa normativa dos cans de asistencia:*

- *Regular o procedemento e os requisitos para o recoñecemento da condición de can de asistencia.*
- *Regular o procedemento e os requisitos que deberán cumprir os centros de adestramento de cans de asistencia e o seu persoal.*
- *Determinar os requisitos e as condicións de especialización dos adestradores.*
- *Determinar os órganos competentes para a acreditación de can de asistencia e as autorizacións de centros, así como de cualificacións profesionais.*
- *Determinar os requisitos que deben ter os centros de adestramento para obter a autorización que os acredite como tal, as obrigacións dos mesmos, así como, o réxime do persoal dos devanditos centros.*
- *Regular, se é o caso, a documentación (carné) acreditativa e distintiva de can de asistencia.*

*Por outra banda, e respecto da participación da cidadanía na elaboración das disposicións administrativas de carácter xeral son de aplicación a Lei 4/2006, do 30 de xuño, de Transparencia e Boas Prácticas na Administración Pública Galega e a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do Sector Público Autonómico de Galicia, nas que esta está contemplada a través de suxestións e do correspondente trámite de audiencia.*



*En base ao anterior, na elaboración do citado Decreto que desenvolvera conxuntamente estas leis poderán participar, como non pode ser doutro xeito, as asociacións, organizacións, entidades, clubs, etc. implicados no campo da discapacidade, en todo caso, a través dos cauces legalmente previstos e unha vez que se publique a correspondente ligazón na páxina web da Consellería de Política Social.*

*A Consellería de Política Social da Xunta de Galicia está de acordo coa necesidade de promover dende as distintas Administracións Públicas todo tipo de campañas informativas e divulgativas que contribúan a sensibilización do conxunto da sociedade de cara a promover unha efectiva integración social e unha discriminación positiva a favor das persoas con discapacidade.*

*O Comité Consultivo para a Protección Animal, regulado na Lei 4/2017, do 3 de outubro, de Protección e Benestar dos Animais de Compañía en Galicia, está adscrito á consellaría competente en materia de protección animal, polo que é este o departamento autonómico competente para promover a súa convocatoria.*

*Aínda que a súa composición e o seu funcionamento serán determinados por vía regulamentaria, de acordo co establecido na citada Lei na súa composición deberase garantir a presenza de representantes das consellarías con competencias en materia de sanidade animal, saúde pública e accesibilidade, da Federación Galega de Municipios e Provincias, das asociacións de protección e defensa dos animais inscritas no rexistro regulado no artigo 29, do Consello Galego de Colexios Veterinarios e das entidades de carácter ambiental inscritas no rexistro previsto no Decreto 226/2007, do 22 de novembro, polo que se crea o Rexistro de Entidades de Carácter Ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia.*

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 30/01/2020 09:30:00  
**Nº Rexistro: 62653**  
Data envío: 29/01/2020 18:34:54.839

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/01/2020 18:34:51**

CSV: BOPGDSPGfEjuBP1Eb7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 30/01/2020 17:43:50  
Nº Rexistro: 62769

Data envío: 30/01/2020 17:43:50.491

Data 30/01/2020 17:43

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 4ª- **número 52744**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona María Ángeles Antón Vilasánchez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do goberno galego sobre o inicio do curso escolar 2019/2020”**, (publicada no BOPG número 515, do 1 de agosto de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta á iniciativa con número 57553 e debatida no Pleno da Cámara galega de data 22-23/10/2019; á que nos remitimos porque serviu para analizar que o curso 2019-2020 comezou nun ambiente de normalidade e para explicar o traballo da Consellería a prol dun ensino inclusivo, plurilingüe, tecnolóxico e cunha aposta por unha FP atractiva e adaptada á realidade de Galicia.

O debate pode consultarse no enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-10-22?part=c8883d7d-26a1-4fe0-8350-f5c9167843b3&start=23682>

Ademais a información pode complementarse accedendo a:

[https://www.edu.xunta.gal/portal/node/29392.](https://www.edu.xunta.gal/portal/node/29392)”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 30/01/2020 17:43:50  
**Nº Rexistro: 62769**  
Data envío: 30/01/2020 17:43:50.491

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/01/2020 17:43:47**

CSV: BOPGDSPGfEjuBP1Eb7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 30/01/2020 17:43:35  
Nº Rexistro: 62767

Data envío: 30/01/2020 17:43:35.475

Data 30/01/2020 17:43

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 4ª- **número 52746**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona María Ángeles Antón Vilasánchez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións do Goberno galego en relación á potenciación da Formación Profesional en Galicia”**, (publicada no BOPG número 515, do 1 de agosto de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

“A oferta de titulacións FP en Galicia gañou en prestixio e tamén axudou a satisfacer as expectativas de inserción laboral do alumnado, con porcentaxes do 85,9% no caso de titulados de FP e do 90,7% en FP Dual.

Nos últimos anos, as políticas educativas postas en marca permitiron que curso tras curso, na comunidade galega exista unha FP atractiva e adaptada ao tecido socioproductivo e que está a fomentar o emprendimento, ao tempo que se están a dar pasos significativos para consolidar a FP Dual, tanto entre o alumnado como entre as empresas.

As liñas da Consellería de Educación, Universidade e FP para seguir avanzando foron enunciadas en diferentes ocasións na Cámara galega e teñen que ver coa adaptación da oferta formativa ás necesidades, con especial reforzo na FP Dual; coa aposta polas linguas estranxeiras; co funcionamento da Rede galega de dinamización da FP Dual (REGADual), ao amparo da execución do Plan de dinamización da FP Dual de Galicia; co proxecto do Centro Galego de Innovación da FP; e coa definición da Estratexia Galega de FP 2020-2030.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 30/01/2020 17:43:35  
**Nº Rexistro: 62767**  
Data envío: 30/01/2020 17:43:35.475

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/01/2020 17:43:32**

CSV: BOPGDSPGfEjuBP1Eb7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 53145**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez, dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e don José Manuel Pérez Seco, sobre **“a reclamación pola Xunta de Galicia a Naturgy, do mantemento dos postos de traballo do servizo de atención ao cliente situado no Parque Tecnolóxico de Galicia, no concello ourensán de San Cibrao das Viñas”**, (publicada no BOPG número 522 do 30 de agosto de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2019, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria** que ten o seguinte contido:

*Esta pregunta foi atendida na intervención do conselleiro de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da pregunta 53144, que tivo lugar na sesión plenaria do 13 de novembro de 2019.*

*O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:*

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-11-13?part=19d2c66b-4974-4480-93af-59b26ae87360&start=4180>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 30/01/2020 17:43:13  
**Nº Rexistro: 62764**  
Data envío: 30/01/2020 17:43:13.319

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/01/2020 17:43:09**

CSV: BOPGDSPGfEjuBP1Eb7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 53237**, formulada polo Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e don David Rodríguez Estévez, sobre **“a creación en Ourense dun Centro de Atención a Persoas con Discapacidade (CAPD) de carácter público”**, (publicada no BOPG número 522 do 30 de agosto de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social** que ten o seguinte contido:

*O CAPD vai a ser un centro público que contará cun total de 110 prazas, 80 de residencia e 30 de centro de día, o que permitirá incrementar nun 35% a oferta pública neste eido na cidade das Burgas. A licitación do contrato para a execución da realización das obras para a construción do centro de atención a persoas con discapacidade de Ourense foi publicada o pasado 3 de outubro do 2019, e a situación do expediente atópase en fase de informe das ofertas técnicas. A duración do contrato de execución será de 18 meses.*

*O número de efectivos de persoal co que contará o centro fixarase en función do tipo e grao de discapacidade e o perfil das necesidades específicas das persoas usuarias. Evidentemente isto só é posible sabelo con certeza cando este rematada a obra e equipado o centro e se pase a fase de apertura e posta en funcionamento do mesmo, xa que actualmente se esta en fase de licitación da obra. O exercicio 2020 é de licitación, adxudicación e comezo da construción.*

*O valor total estimado do contrato é de 8.104.847,26 euros, polo que foi preciso obter a autorización do Consello da Xunta, ao superar os catro millóns de euros, segundo o establecido no artigo 46 da Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019.*

*Somos conscientes da necesidade deste centro para as persoas usuarias e as súas familias e por iso a Consellería de Política Social dedicou esta importante partida orzamentaria para que a provincia de Ourense teña un CAPD como o teñen as outras tres provincias galegas, ademais será o mais*



*moderno con materiais e equipamento de primeiras calidades e cos actuais avances técnicos. Por isto, todo o que estea da man desta administración para poder rematar a obra e poder atender ás persoas con discapacidade que demanden este recurso, teñan por seguro que se vai a facer coa máxima dilixencia e présa posible.*

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 30/01/2020 09:30:00  
**Nº Rexistro: 62652**  
Data envío: 29/01/2020 18:34:48.182

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/01/2020 18:34:45**

CSV: BOPGDSPGfEjuBP1Eb7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 53278**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begonia Rodríguez Rumbo, e outras deputadas do mesmo grupo, sobre **“a valoración polo Goberno galego dos convenios de colaboración subscritos entre a Axencia Galega de Infraestruturas e algún concello galego durante o primeiro cuadrimestre do ano 2019”**, (publicada no BOPG número 522 do 30 de agosto de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2019, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade** que ten o seguinte contido:

“Cada un dos convenios subscritos pola Axencia Galega de Infraestruturas con concellos galegos busca solucionar unha problemática relevante desde o punto de vista da seguridade viaria e da funcionalidade da rede de estradas; ou ben vai asociada a cambios de titularidade de treitos da rede autonómica que se transfire á entidade local correspondente; ou se trata de actuacións sobre a propia rede de estradas ou a súa contorna, como é o caso de Abegondo ou Ourense, nos que os concellos colaboran para o seu desenvolvemento coa achega dos terreos necesarios para a execución das obras.

En calquera caso, é unha parte mínima do orzamento de capital da Axencia Galega de Infraestruturas a que se destina aos convenios de colaboración con entidades locais. En concreto, supuxo unicamente o 1,66% da suma dos capítulos VI+VII no orzamento da AXI para 2019. E hai que considerar que a maior parte das actuacións da AXI derivan de instrumentos nos que os criterios de asignación de recursos son obxectivos, como a seguridade viaria (de acordo coa metodoloxía de identificación de treitos de concentración de accidentes); a mellora da mobilidade peonil e ciclista (Plan de Sendas de Galicia, coas estratexias comarcais publicadas na web da AXI); e co Plan de reforzos de firme, que se diseña en base ás inspeccións dos técnicos de acordo co estado global dos firmes da rede autonómica en cada ano. Tamén é significativo que a actuación de maior contía nos





orxamentos para 2019 fose a da autovía do Morrazo, obra que se sitúa no concello de Moaña e dá servizo fundamentalmente a Moaña, Cangas e Bueu.

En cumprimento da normativa vixente, os convenios de colaboración subscritos entre a Axencia Galega de Infraestruturas e os distintos concellos galegos desde o comezo desta X lexislatura ata a data publícanse no *Diario Oficial de Galicia*, na Base de Datos Nacional de Subvencións e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Así, o artigo 15 de Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno, impón a cada consellería ou entidade da Xunta de Galicia a obriga de publicar no *Diario Oficial de Galicia* unha relación dos convenios de colaboración subscritos no cuadrimestre anterior. En concreto, a Axencia Galega de Infraestruturas publicou nas seguintes datas os convenios subscritos na presente lexislatura:

<i>Convenios 2016</i>	<i>DOG nº 110, do 10 de xuño de 2016</i> <i>DOG nº 184, do 27 de setembro de 2016</i> <i>DOG nº 31, do 14 de febreiro de 2017</i>
<i>Convenios 2017</i>	<i>DOG nº 105, do 5 de xuño de 2017</i> <i>DOG nº 185, do 28 de setembro de 2017</i> <i>DOG Nº 25, do 5 de febreiro de 2018</i>
<i>Convenios 2018</i>	<i>DOG nº 105, do 4 de xuño de 2018</i> <i>DOG nº 192, do 8 de outubro de 2018</i> <i>DOG nº 32, do 14 de febreiro de 2019</i>
<i>Convenios 2019 ata a data de hoxe</i>	<i>DOG nº 99, do 27 de maio de 2019</i> <i>DOG nº 195, do 14 de outubro de 2019</i>

En canto á Base de Datos Nacional de Subvencións ([www.infosubvenciones.es](http://www.infosubvenciones.es)), regulada pola Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e o Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas, a Axencia Galega de Infraestruturas publica nesta base de datos todos os convenios de colaboración incluídos na partida orzamentaria 512.B 760.0 dos Orzamentos Xerais da Xunta de Galicia: *obras en materia de estradas (convenios corporacións locais)*.



*A Axencia Galega de Infraestruturas remítelle cada cuadrimestre ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, regulado polo Decreto 126/2006, do 20 de xullo e pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, todos os convenios de colaboración asinados durante ese período no exercicio das súas funcións. Desde o departamento autonómico que xestiona o dito Rexistro estase tentando mellorar o ritmo para dar publicidade aos convenios na web co desenvolvemento dunha aplicación informática máis moderna e polo tanto máis áxil que permitirá levar a cabo a publicidade dos convenios asinados pola Xunta de Galicia en tempos moito máis curtos e tamén axilizar os trámites deste procedemento co obxectivo dunha tramitación electrónica integral.*

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 30/01/2020 17:43:05  
**Nº Rexistro: 62763**  
Data envío: 30/01/2020 17:43:05.147

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/01/2020 17:43:01**

CSV: BOPGDSPGfEjuBP1Eb7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 53636**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez, don Julio Torrado Quintela e dona Patricia Vilán Lorenzo sobre **“a situación laboral no Complexo residencial de persoas dependentes de Vigo e as medidas a implementar para solucionala”**, (publicada no BOPG número 522 do 30 de agosto de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social** que ten o seguinte contido:

*O Complexo Residencial de Atención a Persoas Dependentes de Vigo está formado por dous centros de traballo (Vigo I e Vigo II), con 454 prazas autorizadas para persoas dependentes.*

*A relación de postos de traballo do CRAPD é de 386 traballadores, distribuídos do seguinte xeito: 294 efectivos en Vigo I e 92 en Vigo II.*

*O rateo de persoal esixida pola normativa vixente, calculada segundo o número de residentes é de 122,95 traballadores de atención directa.*

*A rateo do centro de persoal de atención directa, segundo a RPT é de 214,4, polo que supera a rateo legalmente establecida.*

*A situación laboral dun complexo desta magnitude, tendo en conta a diversidade do persoal, dos propios usuarios e as súas familias, é a normal entre a Administración Pública, que debe xestionar un adecuado servizo aos residentes e as reivindicacións laborais da parte social representada no comité de empresa.*

*O expediente disciplinario incoado a catro auxiliares de enfermería do CRAPD iniciouse a proposta da Xefatura Territorial de Política Social en Vigo, previa petición do director do CRAPD formulada a raíz dunha reclamación presentada pola filla dun residente.*

*Segundo os datos que constan no expediente disciplinario, as traballadoras negáronse a cumprir coas obrigacións inherentes ao seu posto de traballo, isto é, a asistir aos residentes nas actividades*



*básicas da súa vida diaria (apoio á deambulación e traslado) incumprindo as ordes da responsable asistencial, do departamento médico e de enfermería.*

*Respecto da proporcionalidade da sanción precisar que na resolución da consellería de Política Social realízase unha valoración xurídica dos feitos distinta da que figura na proposta do instrutor do expediente disciplinario aplicando a circunstancia atenuante de ausencia de prexuízos relevantes para a Administración Pública e para os cidadáns, o que permite impoñer unha sanción das previstas na Lei do emprego público de Galicia para as infraccións de menor gravidade que a cometida.*

*En definitiva, substituíuse a sanción proposta pola instrutora, suspensión de emprego e soldo de 15 días e exclusión das listas de espera ou bolsas de emprego por un período dun ano e un día, por outra de suspensión de emprego e soldo de 10 días, e exclusión da totalidade das listas de espera ou bolsas de emprego polo mesmo período.*

*En calquera caso, a tramitación deste expediente disciplinario respectou escrupulosamente, tanto na forma como no fondo, a normativa que regula a súa tramitación, propia dun estado de dereito como o que nos rixe. En congruencia co antedito a sanción imposta é a recollida na normativa vixente para este tipo de infraccións administrativas.*

*Á Xefatura Territorial de Vigo non lle consta unha situación de conflictividade laboral máis ala das situacións lóxicas que se plantexan nun complexo desta entidade, cun elevado número de traballadores de diferentes categorías. Como en toda gran organización existen incidencias puntuais que son tratadas polas vías procedimentais correspondentes (reclamacións laborais, expedientes informativos, trámites de audiencia etc).*

*De forma constante e permanente existe un diálogo fluído coa parte social (comité de empresa, seccións e organizacións sindicais) e cos propios traballadores por parte de todos os interlocutores do staff administrativo (Xefatura Territorial, xefa de Servizo de Coordinación Administrativa, dirección do centro, responsable de persoal e xefes de departamento) para resolver, na medida do posible, as cuestións presentadas, laborais ou doutra índole.*

*A atención é tanto presencial como telefónica, individual ou colectiva, programada ou sen cita previa.*

*Con carácter xeral, substitúense todos os permisos, as vacacións e as incapacidades temporais dos traballadores do CRAPD.*

*Como única excepción, os permisos por asuntos particulares, teñen un tratamento diferenciado xa que o seu goce está condicionado ás necesidades do servizo.*

*En calquera caso, para os asuntos particulares non autorizados por razóns de servizo durante o ano natural, e para evitar a súa caducidade a 31 de xaneiro, procédese de xeito extraordinario á contratación de persoal substituto.*



*O persoal laboral da Xunta de Galicia ten unha xornada máxima anual de 1665 horas segundo disposto no V Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.*

*O persoal do CRAPD realiza unha xornada laboral inferior á establecida. Isto é, a maioría dos traballadores ven minorada a súa xornada en varios días de traballo en cómputo anual respecto do máximo establecido ao que hai que sumar os permisos e licenzas contemplados na normativa aplicable, que teñen a consideración de xornadas efectivas de traballo.*

*Por outra banda, o Servizo de Prevención de Riscos laborais, leva a cabo actividades formativas nos centros co fin de mellorar as técnicas de manipulación de usuarios, co fin de eliminar, ou no seu caso atenuar, a probabilidade de dano por sobreesforzos (manual de cargas, de pacientes, carga física, risco postural, retirada de bandexas e carros ...) nas categorías profesionais con máis risco.*

*Temos que ter ademais presente que todo o persoal laboral do CRAPD ten recoñecido en RPT o plus de penosidade no traballo (B18), o persoal a quendas percibe ademais o complemento de especial adicación (B14) e segundo a categoría profesional e a ubicación do posto de traballo teñen asignados ademais os pluses de responsabilidade e perigosidade (B12 e B10, respectivamente). Todo o persoal de Vigo I cobra o plus de perigosidade”.*

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 30/01/2020 09:30:00  
**Nº Rexistro: 62651**  
Data envío: 29/01/2020 18:34:42.011

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/01/2020 18:34:39**

CSV: BOPGDSPGfEjuBP1Eb7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 53728**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez, dona María Luisa Pierres López e don Julio Torrado Quintela, sobre **“o funcionamento do Punto de encontro familiar de Ourense”**, (publicada no BOPG número 522 do 30 de agosto de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social** que ten o seguinte contido:

*En relación co PEF de Ourense, o local no que esta ubicado cumpre os requisitos establecidos na normativa e é, ao igual que o resto de locais dos puntos de encontro familiar da Comunidade Autónoma, un local público con todas as facilidades para realizar os intercambios e encontros coa seguridade e discreción que require o tipo de actividade que desenvolve.*

*Respecto do persoal, o equipo técnico dos PEF é multidisciplinar. O artigo 16 do Decreto 96/2014 establece que estará composto, como mínimo, por tres profesionais de dúas titulacións diferentes entre as seguintes disciplinas: psicoloxía, pedagogía, psicopedagogía, dereito, traballo social ou educación social, con experiencia ou formación acreditada en igualdade e na atención, intervención e orientación de menores e familias.*

*Todos os puntos de encontro familiar contan co persoal esixido polo referido decreto, e no caso de Ourense o equipo técnico esta formado por 3 profesionais que se coordinan permanentemente co resto dos servizos relacionados coa súa actividade. Entre estes servizos ou recursos específicos, atoparíanse tanto os relativos á protección contra a violencia de xénero, como os xulgados, programas de intervención familiar, servizos sociais comunitarios, concellos e calquera entidade que realice actuacións nesta materia.*

*Este punto de encontro conta cun horario de apertura bastante amplo que garante a satisfactoria prestación do servizo.*





*Desde os Puntos de Encontro Familiar abórdanse de maneira específica as intervencións de mulleres vítimas de violencia de xénero e os seus fillos e fillas.*

*No PEF de Ourense, como nos outros puntos de encontro familiar, cóntase cun protocolo en relación ao réxime de visitas establecido xudicialmente, no que as nais acoden ás entregas e recollidas ás horas estipuladas, sendo que o proxenitor se atopa no centro quince minutos antes, e márchase quince minutos despois, para que non se produza un encontro entre as partes.*

*Sobre a auditoría sobre os PEF, cómpre sinalar que estes centros entran dentro dos recursos a analizar pola función inspectora da Xunta de Galicia, de forma que a Inspección de Servizos Sociais realiza o seu labor sobre cada un dos PEF remitindo informes ao respecto á DX de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica. Hai estipuladas inspeccións ordinarias (mínimo unha ao ano), máis todas aquelas extraordinarias no caso de rexistrarse algún tipo de queixa.*

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 30/01/2020 09:30:00  
**Nº Rexistro: 62650**  
Data envío: 29/01/2020 18:34:35.370

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/01/2020 18:34:32**

CSV: BOPGDSPGfEjuBP1Eb7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 53749**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez, dona Patricia Vilán Lorenzo, e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a valoración por parte do Goberno galego da necesidade dunha lei específica de protección á infancia, as previsións respecto ao seu impulso e á posta en marcha da Estratexia Galega de Infancia e Adolescencia e as razóns do retraso na entrada en funcionamento do Observatorio Galego da Familia e Infancia”**, (publicada no BOPG número 522 do 30 de agosto de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social** que ten o seguinte contido:

*Dentro dos compromisos derivados do Pacto Galego pola Infancia, a Xunta de Galicia desenvolveu accións normativas, de sensibilización e promoción dos dereitos dos nenos e tamén de prevención e detección do maltrato infantil.*

*Co obxectivo de mellorar o coñecemento sobre a situación da infancia en Galicia e propoñer actuacións para mellorar a situación dos nenos e nenas de Galicia, o 29 de abril de 2019 o Diario Oficial de Galicia publica o Decreto 43/2019, do 11 de abril, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego da Familia e da Infancia.*

*A través da creación do Observatorio da Familia e da Infancia perséguese coñecer as características da infancia en Galicia, para poder marcar as políticas sociais destinadas á súa optimización.*

*Pola súa banda, a Estratexia Galega de Infancia e Adolescencia (EGIA) concíbese como un instrumento de planificación integral de políticas sociais de infancia para Galicia, que contempla, ademais das prioridades para a infancia e adolescencia galegas, os principios e orientacións emanadas do II PENIA e do futuro III PENIA.*

*A EGIA estrutúrase en catro liñas estratéxicas destinadas á promoción dos dereitos e a participación, ao dereito a un crecemento equilibrado e saudable, á intervención en situación de dificultade, risco e conflito persoal, familiar e social e á mellora da calidade do sistema e a práctica institucional. Incorpora a perspectiva de infancia e adolescencia como enfoque transversal, o que implica valorar o deseño das políticas públicas en base aos dereitos das nenas, nenos e adolescentes.*



*Coa formulación desta Estratexia a Xunta de Galicia pretende visibilizar ás nenas, nenos e adolescentes como suxeitos activos de dereitos e deberes, recoñecendo o seu dereito a ser escoitados e a participar activamente en todos as ordes da vida familiar, educativa e social.*

*Na súa elaboración partiuse dun estudo da normativa de referencia na materia, da revisión de ferramentas de planificación estratéxica a nivel europeo e estatal e realizouse unha recollida estandarizada e sistemática da información procedente de todos os departamentos do Goberno galego. É froito dun proceso de participación activa e coordinada de todos os departamentos da Xunta de Galicia e das entidades que traballan directamente no ámbito da infancia e a adolescencia, que realizaron importantes achegas e suxestións, propoñendo medidas concretas fundamentais para dar cumprimento ao principio xeral da transversalidade das actuacións en favor da infancia.*

*Como anteriormente referimos, a planificación da actuación de política social, en materia de infancia e adolescencia, enmárcase na EGIA, na cal prevese a participación de todos os departamentos da Xunta con capacidade de actuación en materia de atención a nenas e nenos e adolescentes ademais de outros organismos e entidades, para o cal, ten en conta os distintos plans sectoriais que existen nos diferentes ámbitos, como o Plan Estratéxico Galicia 2010-2014, o Plan para dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020, a Estratexia de apoio para as familias numerosas de Galicia 2013-2016, horizonte 2020 e a Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020.*

*A EGIA 2018-2020 é un documento con plena vixencia na actualidade, xa que comprende actuacións cunha cronoloxía de execución que xa se están desenvolvendo nos diferentes departamentos ou cuxa execución esta planificada para os vindeiros meses.*

*A propia Estratexia contén indicadores para realizar a correspondente avaliación no seu momento.*

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 30/01/2020 09:30:00  
**Nº Rexistro: 62648**  
Data envío: 29/01/2020 18:34:21.307

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/01/2020 18:34:18

CSV: BOPGDSPGfEjuBP1Eb7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 53759**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez, don Julio Torrado Quintela e dona María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre **“a xestión e funcionamento dende o ano 2016 do centro de menores de Monteledo, en Ourense”**, (publicada no BOPG número 522 do 30 de agosto de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social** que ten o seguinte contido:

*No DOG nº 10, do 15 de xaneiro de 2019, publicouse a Resolución do 28 de decembro de 2018 pola que se convoca o procedemento de selección de entidade privada sen ánimo de lucro para a atención residencial e a intervención educativa integral e terapéutica con menores que teñen que cumprir medidas xudiciais privativas de liberdade previstas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores nos centros para o cumprimento de medidas xudiciais privativas de liberdade do complexo Montealegre (Ourense).*

*O día 1 de abril de 2019 a Consellería de Política Social e a Fundación Diagrama Intervención Psicosocial, asinaron o convenio de colaboración para a atención residencial e a intervención educativa integral e terapéutica con menores que teñen que cumprir medidas xudiciais privativas de liberdade previstas na Lei orgánica 5/2000, de 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores nos centros para o cumprimento de medidas xudiciais privativas de liberdade do complexo Montealegre. Esta entidade xa viña xestionando o dito centro en virtude dun convenio asinado no ano 2016.*

*A valoración da súa xestión é positiva.*

*Deste xeito, a Fundación Diagrama Intervención Psicosocial colabora con esta Consellería na execución das medidas xudiciais privativas de liberdade no centro Monteledo en virtude dun convenio de colaboración, mentres que a Xunta de Galicia leva a cabo as actuacións dirixidas a asegurar que cumpra o establecido no dito convenio así como na resolución.*

*Dende a data de sinatura do convenio, o Centro Monteledo conta cunha unidade terapéutica constituída por 12 prazas, de acordo co establecido no artigo 15 do Decreto 329/2005, do 28 de xullo,*



*que regula os centros de menores e os centros de atención á infancia. Polo tanto, non acolle a menores procedentes de Montefiz.*

*Desta forma, o centro atende medidas de internamento terapéutico con independencia da intervención que se leva a cabo para a execución das medidas de internamento terapéutico no centro Montefiz e contando para elo con persoal de atención clínica que presta os seus servizos no propio centro.*

*Co fin de dar cobertura ás necesidades motivadas polas medidas de internamento terapéutico a executar no centro, incrementáronse o número de educadores esixidos para levar a cabo a execución das medidas, de xeito que o centro conta con 37 educadores que desempeñan unha xornada anual de 1.750 horas cada un (ou o que é o mesmo, 64.750 horas de traballo en total).*

*Así mesmo refórzase a intervención psicolóxica no centro contando actualmente con 2 psicólogos a xornada completa.*

*O centro dispón de 1 psiquiatra para a atención dos menores que cumpran medidas de internamento terapéutico, que presta atención psiquiátrica a razón de 5 horas semanais e persoal de atención de enfermería para a atención dos menores que cumpran medidas de réxime terapéutico no centro, con dispoñibilidade de 24 horas ao día para o desenvolvemento das funcións encomendadas á atención de urxencias.*

*O profesional asinado á unidade de atención específica (terapéutica) debe estar en posesión do título oficial de psicólogo/a especialista en psicoloxía clínica, ou de psicólogo/a xeral sanitario, ou ben dispoñer da certificación para o exercicio da psicoloxía sanitaria.*

*Os profesionais do centro Monteledo levan a cabo una intervención nun contexto educativo favorecedor da inserción social e familiar do menor. Para elo desenvolven programas dirixidos a súa inserción social e familiar que se detallan no anexo II da resolución do 28 de decembro de 2018 pola que se convocou o procedemento de selección de entidade privada sen ánimo de lucro para a atención residencial e a intervención educativa integral e terapéutica con menores que teñen que cumprir medidas xudiciais privativas de liberdade previstas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores nos centros para o cumprimento de medidas xudiciais privativas de liberdade do complexo Montealegre, así como aqueles programas que presentou a entidade a maiores e que veñen a reforzar a intervención educativa.*



*Aqueles menores que orientan a súa formación de cara ao ámbito laboral, contan co apoio que lle presta a entidade INSERGAL S.L.U, que desenvolve o programa organización do traballo remunerado e a formación ocupacional dos menores internados en centros de reeducación, cofinanciado polo FSE no programa operativo 2014/2020, a través dun contrato de servizos públicos. Este programa garante o dereito dos menores internados á formación e inserción laboral mediante a súa inclusión en cursos de formación, o acceso a becas, e contratacións e procura de emprego. Desta forma os menores acoden a obradoiros de panadería, hortofloricultura ou mecánica que se levan a cabo en instalacións anexas ao centro a cargo dun monitor, ou participan nas actividades formativas que imparte a entidade que desenvolve o programa dentro ou fóra do centro. A maiores, algúns destes menores beneficianse de becas formativas ou contratacións en empresas e recursos sítos na cidade de Ourense, ou colaboran no centro mediante o desempeño de actividades remuneradas.*

*O centro Monteledo está a cubrir as baixas do persoal. Non obstante, pode producirse algunha baixa de curta duración que non se chega a cubrir porque no proceso de contactar cun profesional e levar a cabo a selección e formalización da contratación, o traballador de baixa xa se incorpora ao traballo.*

*Respecto das reformas acometidas nestes centros, realizouse unha obra de reforma e acondicionamento da piscina. Así mesmo, leváronse a cabo actuacións dirixidas á instalación dunha caldeira no complexo de Montealegre (para uso tamén do Centro Monteledo).*

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 30/01/2020 09:30:00  
**Nº Rexistro: 62647**  
Data envío: 29/01/2020 18:34:13.995

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/01/2020 18:34:10**

CSV: BOPGDSPGfEjuBP1Eb7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 30/01/2020 17:42:57  
Nº Rexistro: 62761

Data envío: 30/01/2020 17:42:57.912

Data 30/01/2020 17:42

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 4<sup>a</sup>- **número 54981**, formulada polo Grupo Parlamentario polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e dona María de la Concepción Burgo López, sobre **“a valoración da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional respecto das supostas irregularidades denunciadas polo colectivo de mestres da especialidade de Francés na adxudicación de destinos profesionais nos últimos cursos”**, (publicada no BOPG número 529, do 12 de setembro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

“O catálogo de postos de traballo dos centros de educación infantil e primaria (CEIP) e dos de primaria (CEP) contempla que en todos os que teñan seis unidades ou máis haberá un docente da especialidade de ‘Lingua estranxeira: francés’, aínda que non se imparta esa lingua. Tamén establece que os centros educativos nos que se dá francés dotaranse dun docente da especialidade de ‘Primaria’, o que significa que o profesor especialista de francés pode impartir as áreas atribuídas á especialidade de primaria.

No que se refire á adxudicación de destinos provisionais (CADP) de diversas prazas de francés que se ofertan a primaria, non existe constancia de reclamacións previas. En xeral, as prazas vacantes ofértanse pola mesma especialidade na que están catalogadas, aínda que pode haber excepcións derivadas da organización dos centros.

A maioría das prazas téñense ofertado pola especialidade de ‘Lingua estranxeira: francés’ en lugar da de ‘Primaria’, que non se fixera así nalgún caso débese a un erro puntual, que non se repetirá, mais non a decisións estruturais neste sentido. Canto á transformación de prazas de francés en prazas de Primaria, a Consellería toma esa decisión debido a que hai moi poucas





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 30/01/2020 17:42:57  
Nº Rexistro: 62761  
Data envío: 30/01/2020 17:42:57.912

persoas nas listas para cubrir interinidades e substitucións, aínda despois de que se veñen convocando oposicións desta especialidade durante varios anos.

De feito, neste intre están traballando en interinidades ou substitucións todas as persoas que forman parte desta lista, incluídas as que ingresaron tras as oposicións convocadas neste mesmo ano 2019. Cando non existen persoas na lista é cando as prazas de francés se ofertan á especialidade de primaria, para non deixar postos baleiros.

Desde o goberno da Xunta, a nosa obriga é organizar os recursos existentes de maneira equitativa, para que todo o alumnado galego reciba a mellor educación posible. Queda patente a aposta da Consellería de Educación por esta e outras especialidades, como se infire polas convocatorias dos procedementos selectivos de ingreso no corpo de mestres e na oferta de prazas desta especialidade nos concursos de traslados.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 30/01/2020 17:42:57  
**Nº Rexistro: 62761**  
Data envío: 30/01/2020 17:42:57.912

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/01/2020 17:42:55**

CSV: BOPGDSPGfEjuBP1Eb7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 55279**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego referidas ao uso pola Axencia Galega de Infraestruturas, para a concesión das axudas aos concellos, do procedemento de convocatoria pública en concorrencia competitiva no lugar da figura de convenio”**, (publicada no BOPG número 533 do 18 de setembro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 55281, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, cuxa resposta foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 549, do 18 de outubro de 2019”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 31/01/2020 10:42:03  
**Nº Rexistro: 62814**  
Data envío: 31/01/2020 10:42:03.402

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2020 10:41:59**

CSV: BOPGDSPGfEjuBP1Eb7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 55369**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a xestión do Goberno galgo galego en relación co saneamento e rexeneración das rías”**, (publicada no BOPG número 533 do 18 de setembro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 55368, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, cuxa resposta foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 546, do 11 de outubro de 2019”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 31/01/2020 16:30:00  
**Nº Rexistro: 62865**  
Data envío: 31/01/2020 14:09:50.918

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2020 14:09:48

CSV: BOPGDSPGfEjuBP1Eb7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 30/01/2020 17:42:38  
Nº Rexistro: 62756

Data envío: 30/01/2020 17:42:38.428

Data 30/01/2020 17:42

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 4ª- **número 55500**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o proceso de tramitación do Anteproxecto de lei de recoñecemento da universidade privada Universidad Intercontinental de la Empresa e as medidas que está a desenvolver a Xunta de Galicia”**, (publicada no BOPG número 533, do 18 de setembro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

“A Administración galega recibiu unha solicitude de creación dunha universidade privada, amparada no artigo 27 da Constitución, que significou a apertura dunha longa tramitación administrativa que aínda está en marcha, seguindo o previsto tanto na lexislación universitaria estatal como na autonómica, esta última máis restritiva en canto aos requisitos. De ser o caso, a creación da universidade privada farase a través dunha lei que será debatida no Parlamento de Galicia, como último paso dun logo dun proceso de tramitación administrativa moi amplo e complexo.

A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia atendendo a diferentes iniciativas e, de xeito máis recente, en resposta oral á pregunta con número 55804 e debatida no Pleno da Cámara galega de data 17-18/12/2019; á que nos remitimos.

O debate pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-12-18?part=daf9d071-f42a-4bbd-b1f3-773bd2dc7cdc&start=10542.>”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 30/01/2020 17:42:38**  
**Nº Rexistro: 62756**  
Data envío: 30/01/2020 17:42:38.428

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/01/2020 17:42:35**

CSV: BOPGDSPGfEjuBP1Eb7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 30/01/2020 17:42:24  
Nº Rexistro: 62753

Data envío: 30/01/2020 17:42:24.506

Data 30/01/2020 17:42

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 4ª- **número 55508**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación co inicio do curso escolar e a súa opinión respecto da posible incidencia do estado das obras nos centros de ensino de Cambados, A Fonsagrada, Cervo, Foz, Ferrol e Vilagarcía de Arousa, na súa apertura”**, (publicada no BOPG número 533, do 18 de setembro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2019, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta á iniciativa con número 57553 e debatida no Pleno da Cámara galega de data 22-23/10/2019; á que nos remitimos porque serviu para analizar que no comezo do curso 2019-2020 primou a normalidade, aínda que houbo casos nos que a actividade lectiva tivo que compatibilizarse coa realización de obras no exterior dalgúns centros.

O debate pode consultarse no enlace:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-10-22?part=c8883d7d-26a1-4fe0-8350-f5c9167843b3&start=23682.](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-10-22?part=c8883d7d-26a1-4fe0-8350-f5c9167843b3&start=23682)”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 30/01/2020 17:42:24  
**Nº Rexistro: 62753**  
Data envío: 30/01/2020 17:42:24.506

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/01/2020 17:42:19**

CSV: BOPGDSPGfEjuBP1Eb7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 30/01/2020 17:42:09  
Nº Rexistro: 62749

Data envío: 30/01/2020 17:42:09.600

Data 30/01/2020 17:42

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 4ª- número 55512, formulada polo Grupo Común da Esquerda, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre **“as titulacións que vai impartir a Universidade Intercontinental da Empresa, de carácter privado, no caso de aprobarse o proxecto impulsado por Abanca para a súa apertura en Galicia, a valoración do Goberno galego en relación coa distorsión que pode xerar no sistema universitario público, así como a actuación que vai levar a cabo respecto do seu financiamento”**, (publicada no BOPG número 533, do 18 de setembro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2019, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

“A Administración galega recibiu unha solicitude de creación dunha universidade privada, amparada no artigo 27 da Constitución, que significou a apertura dunha longa tramitación administrativa que aínda está en marcha, seguindo o previsto tanto na lexislación universitaria estatal como na autonómica, esta última máis restritiva en canto aos requisitos. De ser o caso, a creación da universidade privada farase a través dunha lei que será debatida no Parlamento de Galicia, como último paso dun logo dun proceso de tramitación administrativa moi amplo e complexo.

A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia atendendo a diferentes iniciativas e, de xeito máis recente, en resposta oral á pregunta con número 55804 e debatida no Pleno da Cámara galega de data 17-18/12/2019; á que nos remitimos.

O debate pode consultarse no seguinte enlace:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-12-18?part=daf9d071-f42a-4bbd-b1f3-773bd2dc7cdc&start=10542.](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-12-18?part=daf9d071-f42a-4bbd-b1f3-773bd2dc7cdc&start=10542)”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

